

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL
QUINCE:**

PRESIDENTE:

D. Gonzalo Gonzalo Pita

CONCELLEIROS/AS:

D^a Vanessa Rodríguez Búa
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agrasos
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D. Telmo Martín González
D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. GONZALO GONZALO PITA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan, co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarase aberta a sesión.

NON ASISTE:

D. José Juan Vidal Vilanova
(INTERVENTOR)

SECRETARIO:

D. Ángel Luís López Pita.

A) PARTE DISPOSITIVA:

ACTA ANTERIOR:

1º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2015. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

2º PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA 2016. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do **22 de xullo de 2015** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Designar como días de festa local para o ano 2016 as seguintes:

- **28 de Marzo – Romaría de “O Con”**
- **25 de Agosto – San Xenxo.”-----**

3º PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA XUNTA XERAL DA SOCIEDADE MERCANTIL “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do **22 de xullo de 2015** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Nomear como representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta Xeral da sociedade mercantil “Turismo de Sanxenxo, SL” aos seguintes concelleiros/as:

1º D. GONZALO GONZALO PITA, con DNI nº 35.315.219-F, concelleiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Alcalde** do concello e, polo tanto, **Presidente da Xunta Xeral.**

2º D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO, con DNI nº 35.284.349-A, **concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal.**

3º D. JESÚS JOAQUÍN SUEIRO MÉNDEZ, con D.N.I. nº 76.824.029-G, **concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal.**

4º D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ, con DNI nº 76.815.016-F, **concelleiro do Grupo**

Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

5º) Dª SANDRA FERNÁNDEZ AGRASO, con DNI nº 76.823.944-Z, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

6º) Dª Mª DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ, con DNI nº 51.329.377-R, concelleira do Grupo Municipal Partido Socialista de Galicia – P.S.O.E.

7º) D. ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA, con DNI nº 44.075.425-L, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Pode.

8º) Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ, con DNI nº 76.821.740-S, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

9º) Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ, con DNI nº 76.822.366-C, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

10º) Dª MARCOS GUIASOLA PADÍN, con DNI nº 76.815.847-X, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA ASOCIACIÓN “GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL DO SALNÉS”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de xullo de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que se ían abster neste asunto.

Ao non se producir mais intervencións o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 votos (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 8 votos (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de derecho, adopotou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: designar ao alcalde de Sanxenxo, D. Gonzalo Gonzalo Pita, representante titular deste Concello nos órganos reitores da asociación e ao 1º Tte. de alcalde, D. David Otero Domínguez, como representante suplente.

SEGUNDO: dese conta deste acordo á Mancomunidade do Salnés para os efectos oportunos.”-

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DO CONCELLO QUE SE PROPÓN PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA, EN REPRESENTACIÓN DOS CONCELLOS CON POBOACIÓN IGUAL OU MENOR A 20.000 HABITANTES. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do **22 de xullo de 2015** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade**, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

“Propoñer ao CONCELLO DE SANXENXO como vogal do “CONSEJO TERRITORIAL DE LA PROPIEDAD INMOBILIARIA”.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DOS/AS CONCELLEIROS/AS DE ACEPTACIÓN DAS DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS. O Sr. Secretario dá lectura aos escritos dos/as concelleiros/as deste concello, de datas 30 de xuño e 01 de xullo de 2015, de aceptación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial das concollerías delegadas retribuídas por estes conceptos e que, a continuación, se relacionan:

“-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.566, o 30 de xuño de 2015, do concelleiro **D. Maximino González Miniño**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**servizos, mantemento, patrimonio e participación cidadá**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.567, o 30 de xuño de 2015, do concelleiro **D. José Daniel Fernández Piñeiro**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de “**xestión e planificación urbanística e infraestruturas**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.568, o 30 de xuño de 2015, do concelleiro e alcalde **D. Gonzalo Gonzalo Pita**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a a **“alcaldia-presidencia”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.569, o 30 de xuño de 2015, do concelleiro **D. David Otero Domínguez**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de **“desenvolvemento económico, emprego e facenda”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.570, o 30 de xuño de 2015, do concelleiro **D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de **“turismo, comercio e deportes”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.571, o 30 de xuño de 2015, da concelleira **Dª María del Coral González-Haba Pérez**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de **“medio ambiente e contorno rural”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.572, o 30 de xuño de 2015, da concelleira **Dª Vanessa Rodríguez Búa**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**persoal e seguridade cidadá**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.600, o 01 de xullo de 2015, do concelleiro **D. Roberto Carlos Agís Balboa**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**cultura, festexos e xuventude**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.601, o 01 de xullo de 2015, da concelleira **Dª Sandra Fernández Agraso**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de “**benestar social, educación e normalización lingüística**”.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado dos escritos anteriormente relacionados-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DOS/AS VOCEIROS/AS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DESIGNANDO AOS REPRESENTANTES NAS COMISIÓNNS INFORMATIVAS. O Sr. Secretario dá lectura aos escritos dos/as voceiros/as dos grupos políticos deste concello designando aos representantes nas Comisións Informativas e que, a continuación, se transcriben:

“-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.623, o 01 de xullo de 2015, presentado polo **Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**:

“Gonzalo Gonzalo Pita, Vanessa Rodríguez Búa, José Daniel Fernández Piñeiro y Jesús Joaquín Sueiro Méndez, en calidad de concejales electos de SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, comparecen y DICEN:

Que designan como representantes de Sanxenxo Agrupación Liberal en las distintas Comisiones Informativas a los siguientes concejales:

-Para la comisión de Asuntos Generales: se designa como representante a Jesús Joaquín Sueiro Méndez y como suplentes a Vanessa Rodríguez Búa y a José Daniel Fernández Piñeiro.

-Para la Comisión de Asuntos Urbanísticos: se designa como representante a José Daniel Fernández Piñeiro y como suplentes a Vanessa Rodríguez Búa y Jesús Joaquín Sueiro Méndez.

-Para la Comisión de Asuntos Económicos: se designa como representante a Vanessa Rodríguez Búa y como suplentes a Jesús Joaquín Sueiro Méndez y a José Daniel Fernández Piñeiro.

Y para que así conste, firman la presente declaración en Sanxenxo, a 1 de julio de 2015.”

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.685, o 02 de xullo de 2015, presentado polo **Grupo Municipal Mixto**:

“Dª María del Coral González-Haba Pérez y Roberto Carlos Agís Balboa, en su calidad de concejales electos que conforman el GRUPO MIXTO, comparecen y DICEN:

Que designan como representantes del GRUPO MIXTO en las distintas Comisiones Informativas a los siguientes concejales:

-Para la comisión de Asuntos Generales: se designa como representante a M^a del Coral González-Haba Pérez y como suplente a Roberto Carlos Agís Balboa.

-Para la Comisión de Asuntos Urbanísticos: se designa como representante a M^a del Coral González-Haba Pérez y como suplente a Roberto Carlos Agís Balboa.

-Para la Comisión de Asuntos Económicos: se designa como representante a M^a del Coral González-Haba Pérez y como suplente a Roberto Carlos Agís Balboa.

Y para que así conste, firman la presente declaración en Sanxenxo, a 1 de julio de 2015."

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.715, o 03 de xullo de 2015, presentado polo **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**:

"O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comunicalle a vostede a asignación dos concelleiros/concelleiras ás diferentes Comisións Informativas, conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal, celebrado o 29 de Xuño de 2.015, do seguinte xeito:

-Comisión de **URBANISMO**:

Titular: David Otero Domínguez.

Suplentes: Sandra Fernández Agraso e Maximino González Miniño.

-Comisión de **ASUNTOS XERAIS**:

Titular: David Otero Domínguez.

Suplentes: Sandra Fernández Agraso e Maximino González Miniño.

-Comisión **ESPECIAL DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO**:

Titular: David Otero Domínguez.

Suplentes: Maximino González Miniño e Sandra Fernández Agraso".

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.844, o 07 de xullo de 2015, presentado polo **Grupo Municipal do Partido Popular**:

"**María Deza Martínez** con domicilio en Avda. de León, 9 (sede do PP Sanxenxo), con DNI nº en calidade de portavoz do grupo municipal popular no Concello de Sanxenxo con D.N.I. 76.822.366-C,

EXPOÑO:

Que por medio da presente noméanse como representantes do Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo nas diferentes comisións informativas os seguintes:

-Comisión Asuntos Xerais: D. Telmo Martín González.

-Comisión de Asuntos Económicos: D. Marcos Guisasola Padín.

-Comisión de Urbanismo: D^a María Deza Martínez.

Así mesmo, como suplentes das mesmas noméanse os seguintes:

1.D. Telmo Martín González.

2.D^a María Deza Martínez.

3.D^a Silvia Freire Fernández.

4.Marcos Guisasola Padín.

SOLICITO: que previos os trámites e demais que o caso requira me conceda o anterior nos termos expostos.

Sanxenxo, 07 de xullo de 2015."

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado dos escritos anteriormente transcritibidos-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 08/07/15 SOBRE AS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNIS INFORMATIVAS. O Sr. Secretario dá lectura ao seguinte decreto da Alcaldía:

"O artigo 16.4 do Regulamento Orgánico Municipal establece que será competencia da alcaldía fixar a data de celebración das sesiós ordinarias das Comisións Informativas. Tendo en conta a data de celebración da sesiós ordinarias do Pleno, esta alcaldía **RESOLVE**:

PRIMEIRO: as sesiós ordinarias das comisións informativas do concello realizaranse os xoves inmediatamente anteriores aos luns nos que se realicen as sesiós ordinarias do pleno co seguinte horario:

- Comisión de Urbanismo ás 10 horas e 30 minutos.
- Comisión de Asuntos Xerais ás 11 horas.
- Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio ás 11 horas e 30 minutos.

No caso da existencia de un ou varios días festivos no período comprendido entre o propio día de realización das comisións e o inmediatamente hábil anterior ao da data de realización da sesión ordinaria do pleno, a data de realización das comisións informativas, co mesmo horario antes transcrito, adiantarase tantos días como festivos existan nese período a efectos de manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno.

No suposto de modificación da data de realización das sesiós ordinarias do pleno as comisións, co mesmo horario antes transcrito, realizarán as sesiós ordinarias na última data que permita manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno, agás que o día resultante deste cómputo sexa sábado, caso no que se adianta a data de realización das comisións ao venres.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que realice."

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcritida-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 20/04/15 (R. DE ENTRADA Nº 3.565) POLO QUE SE INDICABA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNIS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor** de 20 de abril de 2015, rexistrado de entrada co número 3.565, que a continuación se transcribe literalmente:

"De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do

Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 20.04.15, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrase a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financeira, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo governo e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais ou eventuais."

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, numerados do 1 ao 2, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 20/04/15 (R. DE ENTRADA 3.566) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 20 de abril de 2015 (registro de entrada número 3.566) e que a continuación se transcribe literalmente:

"De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 1º trimestre de 2015, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. lexislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 4º trimestre de 2014 e o 1º trimestre de 2014 é a seguinte

4º trim 14	Concello	Terra	Nauta	Insula	Turismo
PMP	37,61	41,87	13,63	28,00	0,00
PMPP	14,77	0,00	1,51	0,00	443,13

1º trim 15	Concello	Terra
PMP	24,28	20,89
PMPP	71,55	13,41

Non se calcula o período medio de pago das sociedades mercantís ao non ser solicitada dita información polo ministerio.

Inda non se acadou o cumprimento estricto dos termos legais esixibles.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

"La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fua a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Art. 8. Indemnización por costes de cobro: "1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamenet acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago".

"Artículo 216. Pago del precio: "1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de trácto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora [y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales](#). Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los [artículos 222.4 y 235.1](#), la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.
6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.
7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:
- Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.
 - Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.
8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo".

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia."

Adxunto a este escrito figuran 8 folios, numerados do 1 ao 8, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.

11º) POSTA EN COÑECIMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 24/04/15 (R. DE ENTRADA 3.741) ACHEGANDO ESCRITO SOBRE O CÁLCULO DOS PERÍODOS MEDIOS DE PAGO REFERIDOS ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS DEPENDENTES. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 24 de abril de 2015 (registro de entrada número 3.741) e que a continuación se transcribe literalmente:

"Achego remito ao Pleno da Corporación cálculo dos períodos medios de pago referidos as sociedades mercantís dependentes.

De acordo á modificación efectuada na Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, agora non é preciso subministrar os datos das sociedades mercantís dependentes que sexan unidades productoras de mercado, non obstante deben de cumplir os prazos do pagamento de débeda comercial, de acordo á Lei 3/2004, de 29 de decembro, de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Dos listados que se achegan dedúcese que se cumpre coa obriga de pagamento da débeda comercial en 30 días, coa excepción da sociedade mercantil "Turismo de Sanxenxo, S.L." que ten unha débeda cun retraso acumulado significativo.

O que se pon en coñecemento do Pleno da Corporación aos efectos pertinentes.

"NAUTA SANXENXO, S.L.":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	1	AÑO	2015	
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago Fuera período legal			

					pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	24,30		89,00	111.423,28	14,00	32.692,13
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				111.423,28		32.692,13
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	22,67		29,00	71.089,05	3,00	1.483,22
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				71.089,05		1.483,22

“INSULA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2015
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	11,35		3,00	220,34		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						

Total				220,34			0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período				
Gastos corrientes							
Inversiones							
Op. Comerciales							
Sin desagregar							
		0,00					0,00
INSULA			Pendiente de pago				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total	
Aprovisionamientos (6)							
Inmovilizado (2)							
Sin desagregar							
Total			0,00				0,00

“TURISMO SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2015	
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total	
Aprovisionamientos (6)	0,94		6,00	2.785,74			
Inmovilizado (2)							
Sin desagregar							
Total				2.785,74		0,00	
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período				
Gastos corrientes	0	0,00					
Inversiones							
Op. Comerciales							
Sin desagregar							
		0,00				0,00	
TURISMO			Pendiente de pago				

			Dentro período legal pago	Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	625,74		8,00	3.954,88		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				3.954,88		0,00

A Corporación deuse por enterada.

12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/15 (R. DE ENTRADA 3.805) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de abril de 2015, rexistrado de entrada co número 3.805, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A Orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor da facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste.

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L: 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao primeiro trimestre de 2015, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 27.04.15, élvese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previdos na normativa anteriormente citada.”

Adxunto a este escrito figuran 6 folios, numerados do 1 ao 6, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA

INTERVENCIÓN DE 06/05/15 (R. DE ENTRADA 4.405) ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 1º TRIMESTRE DE 2015. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor**, de 06 de maio de 2015, rexistrado de entrada co número 4.405, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao primeiro trimestre de 2015, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro”.

Adxunto a este escrito figuran 64 folios, numerados do 1 ao 64, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

14º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 15/05/15 (R. DE ENTRADA 4.752) REMITINDO COPIA DO XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ANO 2014. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor**, de 15 de maio de 2015, rexistrado de entrada co número 4.752, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade á liquidación do ano 2014, con todos os documentos anexos, para a súa elevación perante o Pleno da Corporación.

I.-Dedúcese cumprimento das medidas de consolidación fiscal seguintes:

Estabilidade orzamentaria

Regra do gasto

Nivel de débeda (todos os entes separadas e en consolidación).

Corto prazo: 1.700.000,00 euros.

Entidades crédito: 6.110.669,40 euros.

F.F.P.P.: 4.244.210,08 euros.

Total: 12.054.876,48 euros.

II.-Resultado orzamentario: é positivo na entidade local e negativo en Terra de Sanxenxo e Xerencia de urbanismo e positivo en consolidación.

III.- Remanentes de tesourería para gastos xerais: é negativo en todos os entes excepto O.A. Xerencia que é a cero e negativo en consolidación.”

Adxunto a este escrito figuran 134 folios, numerados do 1 ao 134, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

15º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 09 DE FEBREIRO AO 30 DE XUÑO DE 2015 (DE RES. N° 170/15 A RES N° 938/15). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resoluciós da Alcaldía ditadas dende o 09 de febreiro ao 30 de xuño

de 2015, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preguntando se se quere algunha aclaración, sen que se formule ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

16º) ROGOS E PREGUNTAS. Non se formularon.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: